



Realidade Virtual para a simulación de procesos de vernizado e de pintado

Estes simuladores de vernizado para a formación de profesionais que presentamos desenvolvéronse en colaboración co Centro de Innovación e Servizos de Galicia (CIS Galicia) ao abeiro do proxecto FUTUREfacing.

Esta é a versión adaptada para a aprendizaxe de vernizado e de pintado no sector da madeira, da automoción e da caldeiraría, que supón unha vantaxe económica e medioambiental significativa durante o proceso de aprendizaxe:

- Por unha parte, reduce os custos, tanto dos soportes (madeira, compoñentes, mobiliario, elementos de automoción ou tubos de estruturas), coma dos produtos (vernices, pinturas, disolventes, ...).
- Pola outra, evita as emisións de produtos contaminantes, a xestión dos seus residuos e dos riscos que implica a súa almacenaxe.



A aprendizaxe co simulador, permite a avaliación obxectiva do alumnado, ao facilitar a análise de cada un dos parámetros que inciden nun bo vernizado: velocidade, distancia, ángulo etc. Permitindo o monitoreo de todos os factores implicados no proceso, o que xera unha análise pormenorizada dos erros e acertos, así como unha mellora substancial no manexo das ferramentas.